



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 31 06
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.es

OVIDIO RODEIRO TATO, alcalde – presidente do Concello de Boqueixón (A Coruña)

FAGO SABER:

Que Segundo a Orde da Consellería de Economía e Industria do 10 de xuño de 2015, (DOGA nº 119 do 26/06/2015) establécense as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de Concorrencia non competitiva, relativa ao **PLAN RENOVE DE FIESTRAS**, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á súa convocatoria (códigos de procedemento IN412A-IN412B).

BENEFICIARIOS/AS: As persoas físicas propietarios/as ou titulares de calquera dereito sobre inmobles do sector residencial e comunidades ou mancomunidades de veciños, sempre que a actuación subvencionable se realice en vivendas sitas na Comunidade Autónoma de Galicia.

A renovación consistirá na substitución dunha fiestra existente por outra de igual ou inferior tamaño. Será subvencionable a colocación dunha nova fiestra paralela á existente (dobre fiestra). Tamén será subvencionable a renovación de portas que separen as estancias calefactadas do exterior. Todo elo sempre que cumpran as medidas e requisitos establecidos na mencionada Orde.

DOCUMENTACIÓN:

- ❖ Fotocopia compulsada do DNI ou NIF da persoa solicitante.
- ❖ Copia da Escritura da vivenda a nome do solicitante, ou recibo do imposto de bens inmobles (IBI) a nome do solicitante.
- ❖ Existen tres modalidades de solicitude : Anexo III, Anexo IV e Anexo V, requirindo distinta documentación para cada caso.

CONTÍA DAS AXUDAS: A axuda máxima será de 3.000€ por vivenda unifamiliar/piso, co máximo de 50.000€ por edificio. A cantidade da subvención non poderá ser superior ao 25% do custo total da obra.

PRAZO PARA SOLICITAR: desde o 24 de xullo e finalizará o 30 de outubro de 2015, a xestión para solicitar a subvención farase a través da empresa autorizada,

MÁIS INFORMACIÓN: No departamento de Servizos Sociais do Concello ou ben chamar ó teléfono 981513106

Boqueixón, 30 de xuño de 2015

O alcalde-presidente

